



CURSO: 2023-24	DEPARTAMENTO: E.F.
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA	
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	

1º/2º/3º/4ºESO

* A CUALIFICACIÓN FINAL da materia será o resultado da media aritmética das cualificacións obtidas en cada avaliación.

Cualificación FINAL = $(1^{\text{a}}\text{avaliación} + 2^{\text{a}}\text{avaliación} + 3^{\text{a}}\text{avaliación})/3$ *mínimo en cada avaliación = 4

A cualificación final será negativa cando non se acade o 5. Para facer o cálculo da media aritmética das tres avaliacións, o resultado de cada unha de elas non pode ser menor que un 4 . Se isto ocorre; o resultado da avaliación final será negativa (obtendo a cualificación correspondente da media, ou un 4 se a pesar de todo, o cálculo resultara máior que o 5). Durante o curso, e antes de a avaliación final o alumnado poderá recuperar as avaliacións mediante as estratexias propostas en cada caso (ver apartado criterios de recuperación: alumnado que non supere unha avaliación).

A CUALIFICACIÓN de cada trimestre será o resultado da media aritmética das UD rematadas no trimestre. Cualificación AVALIACIÓN = $(UD+UD+UD+UD)/4$ *minimo en cada UD = 4.

Para facer o cálculo da media aritmética das UD, o resultado de cada unha de elas non poderá ser menor que un 4. En caso de que así aconteza, o resultado da avaliación será negativa (obtendo a cualificación correspondente da media, ou un 4, se a pesar de todo, o cálculo resultara máior que o 5).O sistema de redondeo no caso de resultados con decimais será o mesmo que o xa comentado anteriormente, é aplicarse no resultado da cualificación da avaliación (non en cada UD). A cualificación da avaliación será negativa se é menor a 5.

Na CUALIFICACIÓN de cada U.D. teremos en conta, para cada Criterio de Avaliación, os mínimos de consecución establecidos e o seu peso orientativo nos diferentes instrumentos de avaliación.

* O alumnado que NON PODE FACER PRÁCTICA (por motivos de saúde, lesións, etc) terá que presentar un xustificante ao principio de curso ou no momento que aparece a causa que lle impide facer a práctica; indicando o tempo estimado de reposo da actividade física. Se este é breve (menos dun 1/3 das sesións prácticas UD) o alumnado fará unha ficha teórica sobre os contidos. Se a falta de práctica prolóngase máis tempo, ademais terá que facer o traballo que se lle asigne relacionado coa UD o coa súa lesión. Tentaremos que dito alumnado forme parte da dinámica da clase, colaborando dalgún xeito (arbitrando, axudas, etc). A súa predisposición á colaboración será avaliada nas observacións recollidas no rexistro anecdótico e na lista de control. O traballo e as fichas substituirán as probas de carácter práctico. En todo caso; cada situación persoal será valorada; buscando as adaptacións que faciliten o proceso de ensino e aprendizaxe. Será a profesora a que

unha vez tomadas as decisión oportunas lle guíe e explique qué e cómo facer.

* Alumnado que NON SUPERA UNHA AVALIACIÓN poderá recupérala de xeito individual ao longo do curso, mediante as actividades, traballos ou probas que se lle encomende en cada caso. Haberá un seguimento personalizado e asesoramento co fin de que podían recuperar a materia. No caso de ter materia pendente todavía ao remate da terceira avaliación o alumnado terá que facer as actividades de recuperación propostas para tal fin nas datas establecidas; sendo necesario superalas para acadar finalmente unha valoración positiva na materia.

1ºBACHARELATO

A CUALIFICACIÓN FINAL da materia será o resultado da media aritmética das cualificacións obtidas en cada avaliación.

Cualificación FINAL = $(1^{\text{a}}\text{avaliación} + 2^{\text{a}}\text{avaliación} + 3^{\text{a}}\text{avaliación})/3$ *mínimo en cada avaliación = 4

A cualificación final será negativa cando non se acade o 5. Para facer o cálculo da media aritmética das tres avaliacións, o resultado de cada unha de elas non pode ser menor que un 4 . Se isto ocorre; o resultado da avaliación final será negativa (obtendo a cualificación correspondente da media, ou un 4 se a pesar de todo, o cálculo resultara máior que o 5). Durante o curso, e antes de a avaliación final o alumnado poderá recuperar as avaliacións mediante as estratexias propostas en cada caso (ver apartado criterios de recuperación: alumnado que non supere unha avaliación).

A CUALIFICACIÓN de cada trimestre será o resultado da media aritmética das UD rematadas no trimestre. Cualificación AVALIACIÓN = $(UD+UD+UD+UD)/4$ *minimo en cada UD = 4.

Para facer o cálculo da media aritmética das UD, o resultado de cada unha de elas non poderá ser menor que un 4. En caso de que así aconteza, o resultado da avaliación será negativa (obtendo a cualificación correspondente da media, ou un 4, se a pesar de todo, o cálculo resultara máior que o 5).O sistema de redondeo no caso de resultados con decimais será o mesmo que o xa comentado anteriormente, é aplicarase no resultado da cualificación da avaliación (non en cada UD). A cualificación da avaliación será negativa se é menor a 5.

Na CUALIFICACIÓN de cada U.D. teremos en conta, para cada Criterio de Avaliación, os mínimos de consecución establecidos e o seu peso orientativo nos diferentes instrumentos de avaliación.

O alumnado que NON PODE FACER PRÁCTICA (por motivos de saúde, lesións, etc) terá que presentar un xustificante ao principio de curso ou no momento que aparece a causa que lle impide facer a práctica; indicando o tempo estimado de reposo da actividade física. Se este é breve (menos dun 1/3 das sesións prácticas UD) o alumnado fará unha ficha teórica sobre os contidos. Se a falta de práctica prolóngase máis tempo, ademais terá que facer o traballo que se lle asigne relacionado coa UD o coa



sua lesión. Tentaremos que dito alumnado forme parte da dinámica da clase, colaborando dalgún xeito (arbitrando, axudas, etc). A súa predisposición á colaboración será avaliada nas observacións recollidas no rexistro anecdótico e na lista de control. O traballo e as fichas substituirán as probas de carácter práctico. En todo caso; cada situación persoal será valorada; buscando as adaptacións que faciliten o proceso de ensino e aprendizaxe. Será a profesora a que unha vez tomadas as decisión oportunas lle guíe e explique qué e cómo facer.

Alumnado que NON SUPERA UNHA AVALIACIÓN poderá recupérala de xeito individual ao longo do curso, mediante as actividades, traballos ou probas que se lle encomende en cada caso. Haberá un seguimento personalizado e asesoramento co fin de que podían recuperar a materia. No caso de ter materia pendente todavía ao remate da terceira avaliación o alumnado terá que facer as actividades de recuperación propostas para tal fin nas datas establecidas; sendo necesario superalas para acadar finalmente unha valoración positiva na materia.

1º CICLO MEDIO

Técnicas de equitación:

- Probas Prácticas-----50% (Táboa de observación, Lista de cotexo)

- Participación activa-10 % (Rexistro anecdótico)

- Probas teóricas-----40% (Proba escrita)

- Cómpre obter un 50% nos apartados teórico (probas escritas) e 50% nos apartados da práctica para poder superar o módulo.

* Na avaliación final ou exame final os criterios de cualificación serán:

- Probas prácticas-----60% (Táboa de observación, lista de cotexo)

- Probas teóricas-----40% (Proba escrita)

- Cómpre obter un 50% nos apartados teórico (probas escritas) e 50% nos apartados da práctica para poder superar o módulo.

- Os alumnos con PDA terán que superar a Proba final extraordinaria de xuño con mais dun 5, consistirá nuha proba escrita e unha proba práctica

- Os alumnos con incapacidade temporal deberán de asistir igualmente a clase e realizar as tarefas asignadas.

Atención a Grupos:

As probas escritas representarán un 60% da cualificación final.



Cando unha proba conste dunha parte teórica e unha parte práctica claramente diferenciadas, será necesario superar ambas dúas partes.

Se nun trimestre se realizase máis dunha proba farase unha media das que superen a nota mínima de 4.

O Traballo de aula e as tarefas obrigatorias, representarán un 30% da cualificación final.

Participación activa-10% (Rexistro anecdótico)

Na avaliación final ou exame final os criterios de cualificación serán:

Proba escrita: Parte teórica e parte teórico-práctica

O alumno deberá obter un 5 para superala

* Os alumnos con PDA terán que superar a Proba final con mais dun 5, a proba será un exame escrito.

Guía de Bicicleta:

Criterios de cualificación: - Probas prácticas-----30% (Test-Probas conducción-Guiaxe)

- Proba mecánica-----20% (Exame práctico de mecánica)

- Participación activa-20% (Participación activa nas sesións)

- Probas escritas-----30% (Exame escrito-oral-Tarefas-Sesións)

* É necesario obter un 50% nos apartados teórico (probas escritas) e 50% nos apartados da práctica (probas prácticas, mecánica, participación activa) para poder superar o módulo.

Na avaliación final ou exame final os criterios de cualificación serán:

- Probas prácticas-----50% (Test-Probas Conducción-Guiaxe)

- Proba mecánica-----25% (Exame práctico de mecánica)

- Probas escritas-----25% (Exame escrito)

* É necesario obter un 50% nos apartados teórico (probas escritas) e 50% nos apartados da práctica (probas prácticas, mecánica) para poder superar o módulo.

* Os alumnos con PDA terán que superar a Proba final con mais dun 5, a proba será un exame escrito, unha proba práctica de mecánica e unha proba práctica de conducción e guiaxe.

* Os alumnos con incapacidade temporal deberán de asistir igualmente a clase e realizar as tarefas asignadas mentras os compañeiros están en ruta. Estas actividades serán parte da avaliación de ditos

alumnos. Puntuarán dentro do apartado de Participación activa, sendo como máximo o 50% deste apartado.

Guía no Medio Natural Acuático:

Criterios de cualificación: - Probas prácticas-----60% (Probas de navegación Vela/Sup/Kayak)

- Participación activa-20% (Participación activa nas sesións)

- Probas escritas-----20% (Exame escrito-oral-Tarefas-Sesións)

- É necesario obter un 50% nos apartados teórico (probas escritas) e 50% nos apartados da práctica (probas prácticas, guíaxe de grupos, participación activa) para poder superar o módulo.

Na avaliación final ou exame final os criterios de cualificación serán:

- Probas prácticas-----60% (Probas de navegación Vela/Sup/Kayak)

- Probas escritas-----40% (Exame escrito)

- É necesario obter un 50% nos apartados teórico (probas escritas) e 50% nos apartados da práctica (probas prácticas, guíaxe de grupos) para poder superar o módulo.

* Os alumnos con PDA terán que superar a Proba final con mais dun 5, a proba será un exame escrito, unha proba práctica de mecánica e unha proba práctica de conducción e guíaxe.

* Os alumnos con incapacidade temporal deberán de asistir igualmente a clase e realizar as tarefas asignadas mentras os compañeiros están en ruta. Estas actividades serán parte da avaliación de ditos alumnos. Puntuarán dentro do apartado de Participación activa, sendo como máximo o 50% deste apartado.

Técnicas de Natación:

Probas físicas na piscinas

Realizar 200 m de natación en estilo de crol sen paradas en menos de 4'15''

Realizar 200 m de natación en estilo costa sen paradas en menos de 5 minutos.

Realizar 200 m de natación en estilo braza sen paradas en menos de 5 minutos.

Realizar 50 m de natación en estilo crol sen paradas en menos de 50''

Realizar 50 m de natación en estilo costa sen paradas en menos 1'

Realizar 50 m de natación en estilo braza sen paradas en menos 1'

Realizar 15 m de natación subacuático en apnea.

Evaluación das actividades lúdicas no medio acuático, combinando as habilidades e as destrezas



básicas en condicións de seguridade.

CA1.1. Xustificáronse as adaptacións que cómpre realizar para o desenvolvemento das habilidades e as destrezas motrices básicas no medio acuático.

CA1.2. Relacionáronse as actividades lúdicas na auga coas habilidades motrices que se desenvolven nestas.

CA1.3. Asignáronse os materiais en función do carácter recreativo das actividades.

CA1.4. Demostrouse control da orientación espacial durante a realización de mergu-llos, desprazamentos, xiros e manexo de obxectos, combinando as posibles variantes.

CA1.5. Coordinouse a respiración no medio acuático e os momentos de apnea coa propulsión e a flotación na realización das habilidades.

CA1.6. Seguíronse criterios de seguridade na selección e na realización das actividades, e no uso do espazo e dos materiais.

RA2. Domina o estilo de natación crol e coordina a posición, as accións técnicas propulsivas e equilibradoras, e a respiración.

CA2.1. Xustificouse a aplicación dos principios xerais de avance na auga á técnica de execución do estilo crol.

CA2.2. Aplicáronse os fundamentos técnicos do estilo crol á súa execución práctica desde un punto de vista de eficacia e esixencia técnica.

CA2.3. Adaptouse a dinámica da respiración á intensidade da natación.

CA2.4. Integrouse a viraxe específica na acción de natación continua a crol.

CA2.5. Seguíronse criterios de seguridade e eficiencia na realización da saída de crol.

RA3. Domina o estilo de natación costas e coordina a posición, as accións técnicas propulsivas e equilibradoras, e a respiración.

CA3.1. Xustificouse a aplicación dos principios xerais de avance na auga á técnica de execución do estilo costas.

CA3.2. Aplicáronse os fundamentos técnicos do estilo costas á súa execución práctica desde un punto de vista de eficacia e esixencia técnica.

CA3.3. Integrouse a viraxe específica na acción de natación continua de costas.

CA3.4. Adoptouse a posición hidrodinámica específica para o estilo costas.

CA3.5. Seguíronse criterios de seguridade e eficiencia na realización da saída de costas.



RA4. Domina o estilo de natación braza e coordina a posición, as accións técnicas pro-pulsivas e a respiración.

CA4.1. Xustifícase a aplicación dos principios xerais de avance na auga á técnica de execución do estilo braza.

CA4.2. Adaptáronse as fases respiratorias ás fases da patada e da brazada.

CA4.3. Aplicáronse os fundamentos técnicos do estilo braza á súa execución práctica desde un punto de vista de eficacia e esixencia técnica.

CA4.4. Integrouse a viraxe específica na acción de natación continua á braza.

CA4.5. Adoptouse a posición hidrodinámica de desprazamento específica no estilo braza.

CA4.6. Adaptouse o estilo braza a situacións de apnea en desprazamentos subacuáticos.

CA4.7. Seguíronse criterios de seguridade e eficiencia na realización da saída de braza.

RA5. Realiza a coordinación básica do estilo de natación bolboreta, incorporando as accións segmentarias no movemento ondulatorio.

CA5.1. Xustifícase a aplicación dos principios xerais de avance na auga á técnica de execución do estilo bolboreta.

CA5.2. Aplicáronse os fundamentos técnicos do estilo bolboreta á súa execución práctica de xeito elemental.

CA5.3. Adoptouse un movemento global do corpo que describe unha traxectoria ondulatoria.

CA5.4. Executáronse as fases nas accións de brazos e pernas contribuindo á propulsión, á preparación e á recuperación.

CA5.5. Realizouse a coordinación brazos-respiración, brazos-pernas e pernas-respiración.

CA5.6. Completouse un traxecto de 25 m de natación coordinando as accións de brazada e patada do estilo bolboreta.

Manobras con cordas:

Os mínimos exixibles que o alumno debe alcanzar ó longo do curso son:

- Demostrar competencia nas técnicas de progresión en escalada, barranquismo, vía ferrata e espeleoloxía.

- Ser capaz de establecer as medidas de seguridade nas actividades con cordas.



- Ser capaz de progresar por unha corda en vertical con aparatos.
- Mostrar dominio na técnica de aseguramento en escalada.
- Distinguir e enumerar o equipamento básico para realizar actividades de escalada, barranquismo e espeleoloxía.
- Demostrar competencia no descenso por corda mediante rapel.
- Identificar os perigos obxectivos e subxetivos que nos podemos atopar nas actividades con cordas.
- Coñecer as sinais de socorro internacionais.
- Domiñar as técnicas de primeiros auxilios e rescate.
- Demostrar as técnicas de rescate e evacuación en caso de accidente.

A porcentaxe da nota está dividida nestes 3 apartados:

- Traballos, tarefas orais ou escritas, exposicións, probas teóricas : 2
- Traballo diario: 3
- Probas prácticas: 5

Os alumnos deben obter un mínimo de 5 sobre 10 en cada un dos apartados anteriores.

Así mesmo se suspende algún dos apartados anteriores terá que facer a recuperación somentes dese apartado ou no caso de non superar o apartado de traballo diario deberá cambiar a dinámica de participación, esforzo e aproveitamento das sesións coas pautas que o docente lle indique.

Técnicas de tempo libre:

Ser capaz de :

- Caracterizar proxectos de tempo libre, analizando o contexto social e os perfís dos colectivos destinatarios destes.
- Organizar actividades lúdicas e de tempo libre, e determina os espazos e os recursos, así como a normativa en materia de prevención e seguridade.
- Desenvolver actividades recreativas e de tempo libre, aplicando técnicas e recursos de animación e expresión.
- Desenvolver actividades recreativas e de tempo libre no medio natural, respectando os principios de conservación, sustentabilidade e mellora do ambiente.
- Organizar actividades de campamento, respectando as medidas de prevención e de seguridade e aplicando protocolos de actuación en casos de situacións de emerxencia nas actividades



desenvolvidas no medio natural.

- Desenvolver actividades de seguimento e avaliación das actividades de tempo libre, e selecciona estratexias, técnicas e recursos para identificar os aspectos susceptibles de mellora.

O alumnado terá que sacar un 6 sobre 10 para pasar a materia aprobada nas dúas partes (teórica e práctica).

2º CICLO MEDIO

Guía Ecuestre:

Probas Teórico-Prácticas: Elaboración e execución de proxectos: 55% (Táboa de observación, Lista de cotexo)

- Participación activa-10% (Registro anecdótico)

- Probas teóricas-----35% (Proba escrita)

- Cómpre obter un 50% nos apartados teórico-Práctico (Táboa de observación, lista de cotexo) e 50% nos apartados teóricos(Proba escrita) para poder superar o módulo.

* Na avaliación final ou exame final os criterios de cualificación serán:

- Probas Teórico-prácticas-----60% (Táboa de observación, lista de cotexo)

- Probas teóricas-----40% (Proba escrita)

- Cómpre obter un 50% nos apartados teórico (probas escritas) e 50% nos apartados Teórico-prácticos(Táboa de observación e lista de cotexo) para poder superar o módulo.

* Os alumnos con PDA terán que superar a Proba final extraordinaria de xuño con mais dun 5, consistirá en:

-Entrega dun proxecto sobre actividades ecuestres(Itinerario ecuestre ou AER):40%

-Proba escrita: 25%

-Proba teórico-práctica: Execución do proxecto sobre actividades ecuestres(Itinerario ecuestre ou AER): 35%

* Os alumnos con incapacidade temporal deberán de asistir igualmente a clase e realizar as tarefas



asignadas.

Guía de Media e Baixa Montaña:

A porcentaxe da nota está dividida nestes 3 apartados:

- Traballos, tarefas orais ou escritas, exposicións, probas teóricas : 4
- Traballo diario: 3
- Probas prácticas: 3

Os alumnos deben obter un mínimo de 5 sobre 10 en cada un dos apartados anteriores.

Así mesmo se suspende algún dos apartados anteriores terá que facer a recuperación somentes dese apartado ou no caso de non superar o apartado de traballo diario deberá cambiar a dinámica de participación, esforzo e aproveitamento das sesións coas pautas que o docente lle indique.

Socorrismo no medio natural:

A proba libre, tanto escrita como práctica, versará sobre os mínimos exigibles marcados como tal na programación do módulo en convocatoria ordinaria.

Os mínimos para a parte teórica serán os marcados como tal e que teñen asignada unha proba escrita ou cuestionario de preguntas ou respostas.

Os mínimos para a parte práctica serán os marcados como tal e que teñen asignado un suposto práctico, proba práctica ou simulacro.

A primeira parte da proba será un exame teórico (cuestionario de preguntas e respostas) cunha puntuación de 0 a 10. Para optar ó aprobado e poder facer a parte práctica terá que obter un 5 ou mais na proba escrita.

A parte práctica constará de dous apartados, primeiro as probas prácticas con tempos marcadas polo currículo en piscina e, a continuación, os simulacros de rescate e reanimación en espazo acuático natural.

Para poder acceder á segunda parte deberá acadar unha media de 5 en todas as probas de piscina:

- 300m natación libre, con pantalón e camiseta, en 8 minutos.
- Entrada de cabeza, 50m natación libre, mergullo a 2m para recoller manequín de competición e remolcalo, cunha presa correcta, durante 50m., nun tempo máximo de 3minutos30segundos.
- 100m remolque sen aletas dun accidentado con 4 técnicas distintas, nun tempo máximo de 4minutos.
- 100m remolque con aletas dun accidentado cunha soa técnica, nun tempo máximo de



3minutos45segundos.

No simulacro no Espacio acuático natural deberá demostrar as técnicas específicas (con seguridade e eficacia) de entrada á auga, aproximación, control, remolque de 100m, extracción dunha persoa accidentada con material e sen material, consciente e inconsciente, e reanimación (Soporte Vital Básico).

A cualificación da proba práctica será a media das probas na piscina e o simulacro no espazo acuático natural que será cualificado de 0 a 10.

* Parte teórica:

O instrumento de avaliación para a primeira parte será unha Proba escrita na que unha parte será un cuestionario tipo test de preguntas e respostas e outra parte será unha pregunta curta de desenrolo sobre un suposto real de rescate nun espazo acuático natural.

O cuestionario tipo test será o 80% da nota final e a pregunta curta o 20%

No cuestionario tres preguntas erróneas descontarán unha correcta.

O instrumento de avaliación serán dúas probas prácticas: test en piscina e suposto práctico na praia.

* Test en piscina:

- 300m natación libre, con pantalón e camiseta, en 8 minutos.

- Entrada de cabeza, 50m natación libre, mergullo a 2m para recoller manequín de competición e remolcalo, cunha presa correcta, durante 50m., nun tempo máximo de 3minutos30segundos

- 100m remolque sen aletas dun accidentado con 4 técnicas distintas, nun tempo máximo de 4minutos.

- 100m remolque con aletas dun accidentado cunha soa técnica, nun tempo máximo de 3minutos45segundos.

O suposto práctico será un simulacro de rescate con 100m de remolque e manobras de reanimación cardiopulmonar: constará de entrada á auga, aproximación, control, remolque de 100m, extracción dunha persoa accidentada con material e sen material, consciente e inconsciente, e reanimación (Soporte Vital Básico).

Esta proba realizarase con aletas e, opcional traxe de neopreno.